

Recoñeces os numerales? E os indefinidos? Demóstrao.

Le o texto, localízaos e méteos na casa correspondente.

Un cociñeiro afeccionado

Hai algúns meses pedinlle á avoa que me explicase como fai a bica. Díxome que cómpren poucos ingredientes: catro ovos, catrocentos gramos de fariña e outro tanto de azucre. Ademais, necesitamos douscentos mililitros de nata líquida e douscentos de manteiga. Despois de bater todo isto, botámolo nun recipiente longo, cun pouco de azucre por riba para que faga costra. Poñémolo ao forno corenta minutos a cento oitenta graos. Ao comezo a bica non me saía ben, pero despois de varios intentos xa me sae mellor. Mais ningunha vez me saíu coma a da avoa. Será porque ela mide as cantidades e eu fágoo a ollo...

A CASA DOS NUMERAIS.

A CASA DOS INDEFINIDOS.